

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LOUSAME

Publicación anuncio aprobación definitiva reg. interno Escola de Música

ANUNCIO

Quedando elevado a definitivo o acordo provisional, adoptado polo Pleno deste Concello na sesión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2014, (publicado no Boletín Oficial da Provincia número 236, do 10 de decembro de 2014) relativo á “REGULAMENTO E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE LOUSAME” por non se ter presentado ningunha reclamación.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local.

, publícase agora o referido acordo plenario, así como o texto íntegro da dita ordenanza; e iso no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o “Regulamento e normas de funcionamento da Escola Municipal de Música do Concello de Lousame”, cuxo texto íntegro se transcribe como anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o expediente íntegro que deu lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar elevado a definitivo este acordo para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO.- Que no anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente o “Regulamento e normas de funcionamento da Escola Municipal de Música do Concello de Lousame” no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial, e entrará en vigor e será de aplicación, según se establece na súa disposición final, a partires do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO:

REGULAMENTO E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE LOUSAME.

ÍNDICE:

TITULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN

TITULO II : ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

Capítulo 1: Organización das ensinanzas.

Capitulo 2: Dirección da Escola Municipal de Música

Capitulo 3: Departamento didácticos:

- Carácter e composición dos departamentos didácticos.
- Competencia dos departamentos didácticos.

TITULO III: RECURSOS HUMANOS

Capitulo 1: Profesorado

Capitulo 2: Persoal non docente

Capitulo3 : Alumnado.

TITULO IV: RECURSOS MATERAIS

Capitulo 1: Uso das instalación, do mobiliario e material do Centro.

TITULO V: RÉXIME ADMINISTRATIVO E ECONÓMICO

Capitulo 1: Servizos da Escola Municipal de Música.

Capitulo 2: Admisión de alumnado.

Capítulo 3: Matriculación

Capítulo 4: Pagos

Capítulo 5: Calendario Escolar.

TÍTULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Artigo 1.- O ámbito de aplicación do presente regulamento é a Escola Municipal de Música dependente do Concello de Lousame.

O ingreso na Escola Municipal de Música supón a aceptación deste regulamento de réxime interno.

TÍTULO II : ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

Capítulo 1: Organización das ensinanzas.

Artigo 2.- A escola de música do Concello de Lousame imparte as seguintes materias:

1. MÚSICA E MOVEMENTO.

2. LINGUAXE MUSICAL.

3. INSTRUMENTO. Dentro desta categoría impártense clases de: a) Oboe, b) Frauta, c) Clarinete, d) Saxofón, e) Trompa, f) Trompeta, g) Trombón, h) Bombardino, i) Tuba, j) Percusión, k) violín l) guitarra m) música de cámara e n) piano.

Poderán establecerse novas especialidades instrumentais o suprimilas segundo a demanda. Estas se incluírán no departamento que corresponda.

O estudo do instrumento na Escola Municipal de Música de Lousame pódese iniciar a partir dos 6 anos cumpridos no ano natural do comezo do curso.

Capítulo 2: Dirección da Escola Municipal de Música.

Artigo 3.- A dirección da Escola Municipal de Música estará a cargo dos órganos competentes do Concello e do director que designe o Concello de Lousame.

Serán atribucións do director da escola:

1.-Representar academicamente a Escola Municipal de Música

2.-Favorecer a convivencia do alumnado na Escola e garantir o procedemento para impoñer as correccións que correspondan, de acordo coas disposicións vixentes.

3.-Informar ó concelleiro de cultura de todas aquelas actividades que se queren levar a cabo dentro da Escola Municipal de Música.

4.-Exercer o control de todo o persoal adscrito a escola.

5.-Propoñer a alcaldía o nomeamento e cese do persoal adscrito a escola, con informe adxunto.

Capítulo 3: Departamentos didácticos

Artigo 4.- Carácter e composición dos departamentos didácticos:

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenrolar as ensinanzas propias das especialidades e asignaturas que lles correspondan e as actividades que lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias e da normativa vixente.

Os Departamentos Didácticos están compostos por tódolos profesores do Centro.

A distribución de ditos departamentos será a seguinte:

1.-Departamento de corda. (Violín, guitarra e música de cámara.)

2.-Departamento de vento e percusión. (Oboe, Frauta, Clarinete, Saxofón, Trompa, Trompeta, Trombón, Bombardino, Tuba, Gaita e Percusión.)

3.-Departamento de piano. (Piano)

4.-Departamento de asignaturas teóricas. (Música e movemento, linguaxe musical, historia da música e solfexo)

No caso de establecerse novas especialidades instrumentais estas se incluírán no departamento que corresponda.

Artigo 5.- Son competencias dos departamentos didácticos:

1.-Organizar e revisar, antes do comezo do curso académico, a Programación didáctica das asignaturas e especialidades que configuran o Departamento, así como os calendarios e horarios lectivos.

2.-Darlle a coñecer os alumnos a información relacionada coa programación, con especial referencia á os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

3.-Manter actualizada a metodoloxía didáctica, e promover o desenvolvemento de actuacións de mellora dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

4.-Propoñer, organizar e realizar actividades complementarias en colaboración cos técnicos de Cultura e xuventude do Concello.

TITULO III: DOS RECURSOS HUMANOS

Capítulo 1: Do profesorado

Artigo 6.- Son deberes do profesorado:

1.-Extremar o cumprimento das normas éticas que esixe a súa función educativa.

2.-Asegurar de modo permanente o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagóxico.

3.-Colaborar na realización de actividades extraescolares.

4.-Recuperar, sen alterar o normal funcionamento do Centro, aquelas clases que fora necesario cambiar por motivos persoais do profesorado, e sempre coa autorización dos técnicos de cultura ou da empresa contratante, se fora o caso.

5.-Cumprir e facer cumprir os alumnos da escola co bo uso das instalacións e materiais.

Capítulo 2: Persoal non docente

Artigo 7.- O persoal non docente constitúe un elemento fundamental da boa marcha da Escola Municipal de Música, contribuíndo o funcionamento da mesma.

O persoal non docente non será o responsable da entrega de boletíns, estes serán entregados por cada profesor aos seus alumnos.

Capítulo 3: Obrigas do alumnado

Artigo 8.- Son obrigas do alumnado da escola municipal de música:

1.-Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas o desenvolvemento do plan de estudos.

No caso dos alumnos menores, os pais deberán traer e recoller os rapaces coa maior puntualidade, pois o centro non se fai responsable dos rapaces fora do horario lectivo.

2.-En caso de falta de asistencia a clase non se recupera.

3.-Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.

4.-Seguir as orientacións do profesorado respecto do seu aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.

5.-Respectar os horarios das clases no que están estudando os seus compañeiros.

6.-Coidar o material e o espazo do Centro.

TITULO IV : DOS RECURSOS MATERIAIS.

Capítulo 1: Uso das instalacións, do mobiliario e do material do centro.

Artigo 9.- A Escola Municipal de Música dispón do mobiliario e material adecuados as ensinanzas que se imparten.

O alumnado deberá en todo momento, facer bo uso tanto das instalacións, como do mobiliario e material da Escola. A negligencia no uso, ou deterioro malintencionado dos mesmos poderán derivar nas responsabilidades correspondentes.

TITULO V: RÉXIMEN ADMINISTRATIVO E ECONÓMICO

Capítulo 1. Dos servizos da Escola.

Artigo 10.- Servizo da Escola municipal de Música.

1.- O horario de atención al público exporase no taboleiro de anuncios ao comezo de cada curso.

2.- O Técnico de cultura do Concello fixará uns días de atención aos pais e nais para tratar calquera problema do bo funcionamento da Escola.

3.- O profesorado atenderá consultas relativas as clases, previa petición de cita.

Capítulo 2: Das admisións.

Artigo 11.- Admisión do alumnado.

1.- As matriculas faranse no departamento de Cultura do Concello de Lousame ou nas dependencias da propia escola de música.

2.- Poderán matricularse os alumnos/as a partir de 3 anos cumpridos no ano natural, estean ou non empadroados no Concello de Lousame.

3.- Os alumnos/as de 3 a 6 anos, serán admitidos para cursar Música e movemento, sen instrumento.

Capítulo 3. Da Matriculación.

Artigo 12.- Matriculación.

1.- As datas de matriculación anunciaranse coa debida antelación no taboleiro de anuncios da Escola, non admitíndose ningunha matricula fora de prazo.

2.- Por necesidades do centro, poderanse admitir novas matrículas previo anuncio no taboleiro do novo prazo.

3.- Poderán renovar súa matricula tódolos alumnos/as que:

a) Os que estiveron durante todo o curso anterior matriculados.

b) Non teñan recibos pendentes de abono co Concello e a escola de música.

4.- A matriculación de novos alumnos/as de instrumentos realizarase unha vez pechado o prazo para os antigos alumnos, momento no que abrírase o prazo de matriculación para os novos alumnos.

5.- Si o número de solicitudes superase o de matriculas ofrecidas pola Escola de Música, estas serán outorgadas mediante sorteo.

Capítulo 4. Dos pagos.

Artigo 13.- Pagos.

Os pagos rexeranse conforme a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de escola de música, do Concello de Lousame.

Capítulo 5: Do calendario escolar

Artigo 14.- A Escola Municipal de Música do Concello de Lousame publicará o calendario escolar da escola municipal de música con antelación suficiente para levar a cabo a matriculación dos alumnos e o correcto desenrolo da actividade.

Seguirase o calendario escolar programado pola Consellería de Educación.

Disposición final.

A presente Ordenanza reguladora entrará en vigor e será de aplicación a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Lousame, 26 de xaneiro de 2015.

A alcaldesa.

Asdo.: M^a Teresa Villaverde Pais.

2015/1287